



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA 4/01/2022, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENTE

MARCOTE SUAREZ, José (PSOE)

CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)
SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

SECRETARIO-ACCIDENTAL

Juan Carlos Carril Pérez

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 4/01/2022, reúnense no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 113.1.c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución da Xunta de Goberno Local requírese a asistencia da maioría absoluta dos seus compoñentes.

Comprobado pola Secretaria - Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración da Xunta de Goberno Local en primeira convocatoria, o Sr. Alcalde - Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

ORDE DO DIA

- 1 - APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.
- 2 - LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS.
- 3 - ASUNTOS VARIOS.

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Xunta de Goberno Local, quere formular algunha observación, ao contido da acta do 13/12/2021, distribuída coa convocatoria.

Non facendo uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde-presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local de 13/12/2021, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º) LICENZAS E COMUNICACIÓNES PREVIAS

LICENZAS DE OBRAS

A) EXPEDIENTE: 2021/U022/000021

Visto o escrito presentado co número 2021/999/00000580 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos de 23/09/2021, por ALICIA PEQUEÑO OUTES, no que solicita licenza para a rehabilitación de cuberta na vivenda unifamiliar (Referencia catastral número 1147518MH8514N0001FA) en base ao proxecto técnico, visado con data 26/04/2021, e redactado polo arquitecto técnico Basilio Canosa Díaz, colexiado 2572.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Considerando, que do informe técnico emitido con data 3/11/2021, polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, desprendese que as obras solicitadas consisten en:

- A cuberta resolverse cos mesmos faldrons existentes. A solución adoptada para a nova cuberta é a colocación de viguetas metálicas IPE, apoiadas sobre os muros perimetrais de mampostería existentes e sobre 2 novas cerchas formadas por perfís IPE.
- Como material de cubrición colocarse tella cerámica curva do país sobre planchas de fibrocemento, ancoradas ás viguetas. Mantense a volumetría.
- Mantéñense os beirados existentes.

Aí mesmo, e tendo en conta que a edificación existente atópase en situación de fora de ordenación, onde se poderán realizar as obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso existente, e para seguir coa tramitación do expediente deberá presentar documentación complementaria que conteña:

- Suprimir do proxecto presentado a apertura de dous novo ocos na cuberta nun espazo non habitable.
- Presentación de declaración responsable para actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía.
- Presentación de renuncia expresa do incremento do valor expropiatorio da edificación obxecto de obras.

Considerando, que co número 2021/999/00001913 do Rexistro de Saída de documentos de 5/11/2021, remítese oficio á interesada para que presente a documentación requirida no informe técnico emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación.

Considerando, que con data 29/11/2021 o Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Centro, (Augas de Galicia) pertencente á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, comunica que a nome de Alicia Pequeño Outes, foi presentada Declaración Responsable de actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía e que tras ser revisada cumpre co disposto no decreto 42/2020, do 30 de xaneiro, polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas.

Considerando, que co número 2021/999/00000764 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos, de 29/11/2021 Alicia Pequeño Outes, aporta a documentación complementaria solicitada para continuar coa tramitación do expediente.

Visto o informe favorable emitido o día 3/01/2022, polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación.

Visto o informe xurídico favorable emitido o día 4/01/2022, por Gloria Zúñiga Rial, letrada colexiada número 2326 do ICA de Santiago de Compostela, en nome de representación de GALIVALIA empresa que presta servizos de asesoramento xurídico a esta corporación.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

- 1) Conceder licenza a Alicia Pequeño Outes, para a realización de obras de rehabilitación de cuberta na vivenda unifamiliar (Referencia catastral número 1147518MH8514N0001FA) en base ao proxecto técnico, visado con data 26/04/2021, presentado e redactado polo arquitecto técnico



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Basilio Canosa Díaz, colexiado 2572, así como ao Anexo ao proxecto presentado que incorpora memoria e planos de cuberta sen visar asinados polo mesmo arquitecto técnico.

En todo caso,

- O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

- En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende o vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- Nº EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA: 2021/U022/000021
- DATA EXPEDICIÓN DA LICENZA: Xunta de Goberno Local 4/1/2022
- ORDENANZA DE APLICACIÓN: Edificación Residencial entre medianeiras (O-2.3)
- PROMOTOR: D^a. Alicia Pequeño Outes
- CONSTRUTOR:
- DIRECTOR DE OBRA: Basilio Canosa Díaz, Colexiado 2572 do COATAC
- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: Existentes
- USO: Residencial
- PRAZO MAXIMO DE EXECUCIÓN: 3 anos desde a data de concesión da licenza

O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo e o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ao de seis meses.

2) Notificar este acordo á promotora para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.

B) EXPEDIENTE: 2021/U022/000004

Visto o escrito co número 2020/999/00000065 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos, de 12/04/2020, presentado por Antonio Martínez Domínguez, en nome e representación de Serafin Senlle Sendón, relativo a que para poder regularizar as novas construcións realizadas na parcela na que se asenta o aserradoiro de Buxán, que conta con licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do Concello de Fisterra de 5/11/2015, solicita autorización para a legalización das ampliacións realizadas no aserradoiro sito no lugar de Buxán; a autorización para unha pequena ampliación do mesmo; así como a legalización dun novo secadoiro de madeira vinculado a este aserradoiro situado na mesma parcela, segundo o proxecto técnico sen visar de data marzo de 2020, redactado polo arquitecto Antonio Martínez Domínguez, colexiado nº 3442 do COAG e titulo PROXECTO TECNICO DE LEGALIZACION DUN SECADOIRO E AMPLIACIÓN DUN SERRADOIRO DE MADEIRA EN BUXAN. Tamén se solicita a remisión de documentación vinculada á tramitación de incidencia ambiental así como as oportunas autorizacións sectoriais: Medio Rural, Patrimonio Cultural e Instituto de Estudos do Territorio.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Considerando, que do informe de subsanación emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística con data 29/06/2020, despréndese a documentación que deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

Considerando, que co número 2020/000/00000921 do Rexistro de Saída de documentos de 30/06/2020, remítese oficio ao interesado para que presente a documentación requirida no informe de subsanación emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación.

Considerando, que mediante escrito co número 2020/000/00001291 do Rexistro de Entrada de Documentos, de 20/07/2020, Serafín Senlle Sendón, presenta documentación requirida para unir ao expediente 2020/U022/000004.

Considerando, que mediante escrito co número 2020/999/00000217 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos, de 18/08/2020, Antonio Martínez Domínguez, en nome e representación de Serafín Senlle Sendón, presenta proxecto técnico visado de data 14/08/2020 redactado polo arquitecto Antonio Martínez Domínguez, colexiado nº 3442 do COAG e título PROXECTO TECNICO DE LEGALIZACION DUN SECADOIRO E AMPLIACIÓN DUN SERRADOIRO DE MADEIRA EN BUXAN.

Considerando, que do informe de subsanación emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística con data 26/08/2020, despréndese que para continuar coa tramitación do expediente é necesario:

- Modificar a proposta de implantación, de maneira que se acceda as instalacións por un único punto, realizando un peche definitivo na restante parte da parcela.
- Requirir autorización da dirección Xeral d Patrimonio Cultural dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Requirir informe preceptivo do organismo competente en materia de ordenación do territorio e paisaxe.
- Requirir autorización da Consellería do Medio Rural.
- Someter a actividade á correspondente declaración de incidencia ambiental.

Considerando, que mediante oficio co número 2020/000/00001244 RS) de 31/08/2020, remítese copia do expediente ao Instituto de Estudos do Territorio, pertencente á Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, para que emita o correspondente informe sectorial.

Considerando, que mediante oficio co número 2020/000/00001246 RS) de 31/08/2020 e 2020/000/00001349 (RE) de 18/09/2020, remítese copia do expediente ao Servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, para que emita o correspondente informe sectorial.

Considerando, que mediante oficio co número 2020/000/00001247 RS) de 31/08/2020, remítese copia do expediente á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, para que emita o correspondente informe sectorial.

Considerando, que do informe técnico emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística con data 17/09/2020, despréndese que desde o punto de vista urbanístico, o proxecto presentado cumpre co establecido no vixente PXOM de Fisterra e a vixente Lei 2/2016, do Solo de Galicia.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Considerando, que con data 2/10/2020, o Xefe do Servizo de Montes da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, emite informe favorable a obra solicitada desde o punto de vista estritamente forestal, sempre que se cumpran as distancias establecidas no anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e sen prexuízo do que dispoñan as normas sectoriais que poidan ser de aplicación e o resto da lexislación vixente.

Considerando, que con data 15/10/2020, o Xefe do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental pertencente á Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, resolve formular a declaración de incidencia ambiental FAVORABLE en cumprimento do disposto no artigo 36 da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Considerando, que con data 3/11/2020, o Director do Departamento Xurídico-Administrativo do Instituto de Estudos do Territorio pertencente á Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, emite informe do que se desprende que non se formula ningunha obxección para a realización da actuación se ben recomenda aplica a guía de cores e materiais de Galicia, dispoñible na paxina Web desa Consellería.

Considerando, que con data 18/12/2020, o Xefe do Servizo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, remite oficio a este concello do que se desprende que a actuación non precisa do informe/autorización desa dirección Xeral do Patrimonio Cultural, xa que está fora do territorio histórico dos Camiños de Santiago e non afecta a elementos catalogados.

Considerando, que do informe de subsanación emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística con data 22/12/2020, despréndese que:

- Modificarase a proposta de implantación, de maneira que se acceda as instalacións por un único punto, realizando un peche definitivo na restante parte da parcela.
- Será necesario a presentación do oficio do técnico que vai a levar a dirección facultativa das obras pretendidas.

Considerando, que co número 2021/000/00000015 do Rexistro de Saída de documentos de 12/01/2021, remítese oficio ao interesado para que presente a documentación requirida no informe de subsanación emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación.

Considerando, que mediante escrito co número 2021/999/00000036 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos, de 19/01/2021, Antonio Martínez Domínguez, en nome e representación de Serafín Senlle Sendón, aporta nova documentación complementaria onde se xustifica o peche a realizar na fronte da parcela así como o oficio de dirección das obras.

Considerando, que a Xunta de Goberno Local, na sesión que celebrou o pasado 4/03/2021, concedéuselle a Serafín Senlle Sendón licenza para a regularización e legalización do aserradoiro de madeira e das ampliación realizadas despois da licenza concedida no ano 2015.

Considerando, que co número 2021/900/00000260 do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR), de 15/03/2021, ten entrada o escrito procedente do Servizo Provincial da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) pertencente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, asinado o día 12/03/2021, no que comunica as actuacións informativas realizadas polo citado organismo respecto do expediente COR/8/2019, referidas ás actuación amparadas na licenza da XGL de 4/03/2021.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Considerando, que mediante escrito co número 2021/999/00000651 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos, de 26/10/2021, Antonio Martínez Domínguez, en nome e representación de Serafín Senlle Sendón, aporta documentación complementaria consistente no modificado do proxecto que obtivo licenza segundo o proxecto técnico sen visar de data de outubro de 2021, redactado polo arquitecto Antonio Martínez Domínguez, colexiado nº 3442 do COAG e título MODIFICADO DE PROXECTO TECNICO PARA A LEGALIZACION DUN SECADOIRO E UNHA CLASIFICADORA - APILADORA, E AMPLIACIÓN DUN SERRADOIRO DE MADEIRA.

Considerando, que con este proxecto modificación preténdese a legalización dunha nova obra realizada, e non amparada na licenza de 4/03/2021, polo que se pretende dar resposta á necesidade de instalación dunha nova construción que acolle una máquina clasificador/apiladora de grandes dimensión.

Resultando, que do informe técnico desfavorable emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística con data 4/01/2022, despréndese que:

-As edificacións existentes e o modificado do proxecto de legalización que obtivo licenza que agora se presenta, non están amparados no réxime regulado na disposición transitoria terceira da LSG, tal e como se pretende xustificar e que rexe no caso de ampliacións de autorizacións e licenzas outorgadas e executadas conforme a súa licenza en solo rústico.

- É de única e directa aplicación o regulado polo apartado segundo da transitoria terceira do Regulamento da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, por ser unha actividade vinculada coa explotación e de primeira transformación de produtos forestais, existente no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, situada en parte en solo de núcleo rural e solo rústico.

- Analizado o proxecto presentado, supéranse amplamente os límites do 50% regulados, respecto da existente o 1/01/2003, e esgotados na licenza concedida o 4/03/2021.

Resultando, que no expediente consta informe xurídico desfavorable emitido o día 4/01/2022, por Gloria Zúñiga Rial, letrada colexiada número 2326 do ICA de Santiago de Compostela, en nome de representación de GALIVALIA empresa que presta servizos de asesoramento xurídico a esta corporación.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Denegar a SERAFIN SENLLE SENDÓN, a licenza para a legalización dunha nova construción que acolle unha máquina clasificador - apiladora e que non está amparada na licenza de 4/03/2021, (que ocupa unha superficie de 446,06 m2 e conta cunha altura máxima de 6,34 metros), así como un muro de formigón de 25 cm de espesor e 1,50 metros de altura na linde sur, entre as dúas pequenas construcións preexistentes, en base a que:

- As edificacións existentes e o modificado do proxecto de legalización que obtivo licenza que agora se presenta, non están amparados no réxime regulado na disposición transitoria terceira da LSG, tal e como se pretende xustificar e que rexe no caso de ampliacións de autorizacións e licenzas outorgadas e executadas conforme a súa licenza en solo rústico.

- É de única e directa aplicación o regulado polo apartado segundo da transitoria terceira do Regulamento da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, por ser unha actividade vinculada coa



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

explotación e de primeira transformación de produtos forestais, existente no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, situada en parte en solo de núcleo rural e solo rústico.

- Analizado o proxecto presentado, supéranse amplamente os límites do 50% do volume orixinario da edificación regulados, respecto da existente o 1/01/2003, e esgotados na licenza concedida o 4/03/2021.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

COMUNICACIONS PREVIAS DE OBRAS

A) EXPEDIENTE: 2021/U026/000092

Vista a Comunicación Previa de Obra presentada co número 2021/000/00001326 (RE) de 22/06/2021, por MARCOS CASTELO CANOSA, para a realización de obras consistentes no pintado das fachadas da vivenda en cor claro como está actualmente a vivenda de residencia (Referencia catastral número: 000502100MH75F0001ML).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 1/07/2021, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, polo que deberá presentar autorización d Delegación Territorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia.

Considerando, que co número 2021/000/00000878 (RS) e 6/07/2021, remítese copia do expediente ao Servizo de Patrimonio Cultural, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, coa finalidade de que emitan o correspondente informe sectorial.

Considerando, que con data 16/12/2021, a Xefatura Territorial do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, emite informe sectorial do que se desprende que "resolvo autorizar as obras solicitadas coas condicións que figuran no informe dos servizos técnicos:

- A cor da fachada será ou ben da gama dos brancos ou noutra cor que se axuste aos criterios establecidos na Guía de cores e de materiais de Galicia que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ten publicada na súa páxina web.

- Manterase a bicromía, isto é a diferencias entre as cores dos elementos decorativos e o fondo.

En aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tras finalizar a intervención, no prazo máximo de seis meses, achegarase a esta Xefatura Territorial, unha memoria final que conterá fotos comparativas do estado inicial e final das fachadas".

Resultando que da acta de comprobación documental de data 28/12/2021, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, despréndese que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, debendo cumprir as seguintes condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Deixando a salvo o dereito de propiedade en sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a MARCOS CASTELO CANOSA, o título habilitante para a realización de obras consistentes no pintado das fachadas da vivenda (Referencia catastral número: 000502100MH75F0001ML), debendo cumprir en todo caso, as condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia:

- A cor da fachada será ou ben da gama dos brancos ou noutra cor que se axuste aos criterios establecidos na Guía de cores e de materiais de Galicia que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ten publicada na súa páxina web.

- Manterase a bicromía, isto é a diferencias entre as cores dos elementos decorativos e o fondo.

2º) No prazo máximo de 6 meses tras finalizar a intervención, achegará unha memoria final que conterá fotos comparativas do estado inicial e do estado final das fachadas, para en aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, remitirlas á Xefatura Territorial do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) EXPEDIENTE: 2021/U026/000099

Vista a Comunicación Previa de Obra presentada co número 2021/000/00001470 (RE) de 9/07/2021, por MARIA FILOMENA DOMINGUEZ VELAY para a realización de obras consistentes na reparación do teito con novas viguetas, chapas de fibrocemento e tella do país, nunha vivenda (Referencia catastral número: 8706601MH7580N0001BT).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 15/07/2021, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, polo que deberá presentar autorización da Delegación Territorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia.

Considerando, que co número 2021/000/00000956 (RS) e 16/07/2021, remítese copia do expediente ao Servizo de Patrimonio Cultural, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, coa finalidade de que emitan o correspondente informe sectorial.

Considerando, que con data 21/12/2021, a Xefatura Territorial do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, emite informe sectorial do que se desprende que "resolvo autorizar as obras solicitadas coa condición de que se manteña a configuración da vivenda, mantendo a altura de cornixa e do cumio, así como a pendente dos faldróns".

Resultando que da acta de comprobación documental de data 28/12/2021, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, despréndese que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas na



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

comunicación previa, debendo manter en todo caso a configuración actual da cuberta da vivenda, mantendo a altura do cumio, así como a pendente dos faldróns.

Deixando a salvo o dereito de propiedade en sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a MARIA FILOMENA DOMINGUEZ VELAY, o título habilitante para a realización de obras consistentes na reparación do teito con novas viguetas, chapas de fibrocemento e tella do país, nunha vivenda (Referencia catastral número: 8706601MH7580N0001BT), coa condición de que se manteña a configuración da vivenda, mantendo a altura de cornixa e do cumio, así como a pendente dos faldróns”.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

C) EXPEDIENTE: 2021/U026/000150

Vista a Comunicación Previa de Obra presentada co número 2021/000/00002319 (RE) de 9/11/2021, por JOSE MANUEL CALO INSUA, para a realización de obras consistentes na construción dun porche de 6x5 metros con viguetas e tella e situado no linde coa parte traseira dun galpón existente (Referencia catastral número: 15038A503002880000DI).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 16/11/2021, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, polo que deberá presentar autorización da Consellería de Medio Rural das obras pretendidas, por estar incluído nunha zona que foi obxecto de concentración parcelaria con resolución firme.

Considerando, que co número 2021/000/00001964 (RS) e 18/11/2021, remítese copia do expediente ao Servizo de Infraestruturas Agrarias, dependente da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, coa finalidade de que emitan o correspondente informe sectorial.

Considerando, que con data 10/12/2021, a Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, emite informe sectorial do que se desprende que “sempre que o uso da actuación proposta sexa o mesmo que a da nave agrícola lindeira e cumpra os requisitos fixados no parágrafo segundo do artigo 50.1.g) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, procede a emisión do informe favorable.

Resultando que da acta de comprobación documental de data 22/12/2021, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, despréndese que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa.

Deixando a salvo o dereito de propiedade en sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

1º.- Conceder a JOSE MANUEL CALO INSUA, o título habilitante para a realización de obras consistentes na construción dun porche de 6x5 metros con viguetas e tella, situado no linde coa parte traseira dun galpón existente (Referencia catastral número: 15038A50300288000DI).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

D) EXPEDIENTE: 2021/U026/000165

Vista a Comunicación Previa de Obra presentada co número 2021/000/00002535 (RE) de 2/12/2021, por MARTIN ROMERO FERRIO, para a realización de obras consistentes na instalación dunha piscina prefabrica de 10 x 4 metros (Referencia Catastral 002000400MH75D0001GQ).

Resultando que da acta de comprobación documental de data 22/12/2021, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, despréndese que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, sempre que, sexa enteiramente enterrada e que, en ningún caso, alteren a topografía natural do terreo.

Deixando a salvo o dereito de propiedade en sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- Conceder a MARTIN ROMERO FERRIO, o título habilitante para a realización de obras consistentes na instalación dunha piscina prefabricada de 10 x 4 metros, a emprazar na parcela con referencia catastral número 002000400MH75D0001GQ, sempre que sexa enteriramente enterrada e que, en ningún caso, altere a topografía natural do terreo.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

E) EXPEDIENTE: 2021/U026/000169

Vista a Comunicación Previa de Obra presentada co número 2021/000/00002623 (RE) de 15/12/2021, por JUAN JOSE LOPEZ LOPEZ, para a realización de obras consistentes na substitución de 2 fiestras da fachada principal e dúas da fachada posterior, por outras de PVC de cor branca como as existentes na vivenda (Referencia Catastral 8607407MH7580N0005FO).

Vista acta de comprobación documental de data 28/12/2021, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, da que se desprende que a substitución de carpinterías exteriores de PVC por outras de PVC, non está permitida pola ordenanza de aplicación e polo tanto, a comunicación previa non cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, polo que se informa de maneira desfavorable a realización das obras expresadas na comunicación previa.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

De conformidade co previsto no artigo 146.2 párrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- Declarar a ineficacia da comunicación previa de obras presentada co número 2021/000/00002623 (RE) de 15/12/2021, por JUAN JOSE LOPEZ LOPEZ, e non autorizar a realización das obras consistentes na substitución de 2 fiestras da fachada principal e dúas da fachada posterior, por outras de PVC de cor branca como as existentes na vivenda, toda vez que as obras solicitadas non están permitidas pola ordenanza de aplicación, xa que o artigo 275.8 da normativa do PXOM, referido ás condicións de estética, de directa aplicación na modificación das construcións existentes, na "carpintería exterior de ocós de fachada, poderanse utilizar tanto a madeira pintada como a perfilaría metálica lacada ou esmaltada. Prohibense as carpinterías dealuminio anodizada tanto na súa cor natural coma en tons bronceados".

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

SEGREGACION DE FINCAS

A) EXPEDIENTE: 2021/U018/000001

Visto o escrito presentado co número 2021/999/00000067 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos de 23/01/2021, por MARCOS CABREJO LOPEZ, no que solicita licenza de segregación de finca separando o solo rústico do solo de núcleo rural e división deste en 4 parcelas, nunha parcela de 9.206 m2 (Referencia catastral número 15038A502022280000DH) en base ao proxecto de segregación redactado por Javier Nogueiras Mascarenhas, arquitecto Colexiado nº 927 do COAG, visado o 22/01/2021.

Considerando, que do informe técnico de subsanación emitido con data 5/03/2021, polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, desprendese que é necesario recadar a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e para poder acadar a licenza solicitada deberá presentar novo documento no que se xustifique que as edificacións existentes cumpren cos parámetros urbanísticos de aplicación nas novas parcelas, xa que a parcelación debe ter en conta a totalidade das construcións existentes na parcela a efectos de realizar a parcelación pretendida.

Considerando, que co número 2021/000/00000472 do Rexistro de Saída de documentos de 10/03/2021, remítese oficio ao interesado para que presente a documentación requirida no informe técnico de subsanación emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación.

Considerando, que cos números 2021/999/00000247 e 2021/999/00000248 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos de 25/03/2021, por MARCOS CABREJO LOPEZ, presenta novo proxecto de segregación redactado por Javier Nogueiras Mascarenhas, arquitecto Colexiado nº 927, visado o 25/03/2021

Considerando, que do informe técnico de subsanación emitido con data 9/04/2021, polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, desprendese que:

- Ao formar a parcela parte dunha concentración parcelaria, é necesario recadar autorización da Delegación Provincial da Coruña da Consellería do Medio Rural.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- Ao encontrarse a parcela ao carón do Camiño de Santiago denominado "Camiño de Fisterra", segundo o PXOM aprobado definitivamente, é necesario recadar autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Considerando, que co número 2021/000/00000650 do Rexistro Xeral de Saída de Documentos de 12/04/2021, remítese oficio á Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia xunto coa documentación presentada por Marcos Cabrejo López, para que emita o correspondente informe sectorial.

Considerando, que co número 2021/000/00000651 do Rexistro Xeral de Saída de Documentos de 12/04/2021, remítese oficio á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia xunto coa documentación presentada por Marcos Cabrejo López, para que emita o correspondente informe sectorial.

Considerando, que con data 3/05/2021, a Xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias, pertencente á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, emite informe FAVORABLE ao proxecto de segregación da finca con referencia catastral número 15038A502022280000DH.

Considerando, que co número 2021/999/00000781 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos de 9/12/2021, por MARCOS CABREJO LOPEZ, aporta documentación complementaria que inclúe resolución de data 22/09/2021 emitida pola Xefa do Servizo de Coordinación Cultural do Servizo de Patrimonio Cultural, pola que se autoriza a segregación da finca solicitada.

Considerando, que co número 2021/999/00000818 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos de 27/12/2021, por MARCOS CABREJO LOPEZ, aporta documentación complementaria que inclúe Modificación de 27/11/2021 ao Proxecto de segregación na parcela catastral 15038A50202228 realizado polo arquitecto Javier Nogueiras Mascarenhas, arquitecto Colexiado nº 927 do COAG, que ven a substituír ao anteriormente presentado.

Visto o informe técnico favorable emitido o día 28/12/2021, polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende que non existe inconviniente para a concesión da licenza, pois as parcelas resultantes cumpren cas ordenanzas e normativa que lles é de aplicación. En base ao artigo 24.2 da lei 2/2016, do Solo de Galicia, será necesario ceder gratuitamente ao Concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso, que se corresponde cunha superficie de 32,40 m².

Visto o informe xurídico favorable emitido o día 29/12/2021, por Gloria Zúñiga Rial, letrada Colexiada número 2326 do ICA de Santiago de Compostela, en nome de representación de GALIVALIA empresa que presta servizos de asesoramento xurídico a esta corporación.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder licenza a MARCOS CABREJO LÓPEZ, para proceder á segregación da parcela con referencia catastral número 15038A502022280000DH cunha superficie total de 9.206 m², que se localiza no lugar de Hermedesuxo de Abaixo deste termo municipal, en 4 parcelas resultantes tal e como de seguido se indica:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

PARCELAS	SUPERFICIE	SUPERFICIE	SUPERFICIE	SUPERFICIE
	TOTAL (M2)	SOLO NRHT (M2)	SOLO RUSTICO (M2)	CESIÓN CONCELLO (M2)
PARCELA 1	1.073,50	1.073,50	0,00	32,40
PARCELA 2	587,60	587,60	0,00	
PARCELA 3	714,90	714,90	0,00	
PARCELA 4	6.797,60	0,00	6.797,60	0,00
TOTAL	9.206,00	2,376,00	6.797,60	32,40

2º) Comunicar a MARCOS CABREJO LOPEZ, a obriga de formalizar as declaracións conducentes á incorporación no Catastro Inmobiliario dos inmobles e das súas alteracións, polo que deberá proceder a declarar as diferenzas advertidas entre o proxecto de segregación e a recollida na información catastral subministrada. Todo iso de conformidade cos artigos 11 e 13.2 do Texto Refundido da Lei do Catastro (Real Decreto Legislativo 1/2004, do 4 de marzo).

3) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.

3º) ASUNTOS VARIOS

3.1.) COMUNICACION PREVIA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

A) EXPEDIENTE

Visto o escrito presentado co número 3585 (RE) de 17/11/2015, por HORTA DE LEIRE, S.L., con CIF: B-70.437.520, e domicilio social no Lugar de San Martiño de Arriba, 22 de Fisterra, de COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE de RESTAURANTE 1 GARFO, que se localiza na edificación do lugar de San Martiño de Arriba, 22 de Fisterra (referencia catastral número 15038A02500442).

CONSIDERANDO: Que o pasado 28/12/2021, o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, emite informe en sentido favorable e do que se desprende que a comunicación previa cumpre co contido establecido no artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos e se declara completa a documentación presentada para a realización da apertura da actividade solicitada na comunicación previa.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE presentada por HORTA DE LEIRE, S.L., con CIF: B-70.437.520, para o realizar a actividade de "RESTAURANTE 1 GARFO" que se localiza na edificación do lugar de San Martiño de Arriba, 22 deste termo municipal.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) EXPEDIENTE: 2020/U019/000003

Visto o escrito presentado co número 1492 (RE) de 25/05/2017, por Gabriel Fábregas Santos, de COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE de CARPINTERIA METÁLICA, que



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

se localiza na edificación da rúa A Charca, 12 de Fisterra (referencia catastral número 8216127MH7581N0001WX).

CONSIDERANDO: Que o pasado 5/10/2017, a arquitecta que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, emite informe de subsanación do que se desprende a documentación que deberá presentar o interesado para continuar coa tramitación do expediente.

CONSIDERANDO: Que co número 2020 (RS) de 9/10/2017, comunícaselle a Gabriel Fábregas Santos o contido do informe emitido o pasado 5/10/2017, pola arquitecta que presta servizos en materia urbanística nesta corporación.

CONSIDERANDO: Que co número 336 (RE) de 10/02/2020, Gabriel Fábregas Santos, presenta a documentación complementaria (Certificado Final de Obra) para unir ao expediente.

CONSIDERANDO: Que o pasado 30/03/2021, o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, emite informe de subsanación do que se desprende a documentación que deberá presentar o interesado para continuar coa tramitación do expediente.

CONSIDERANDO: Que co número 2021/999/00000088 do Rexistro Telemático de Saída de Documentos de 31/03/2021, comunícaselle a Gabriel Fábregas Santos o contido do informe emitido o pasado 30/03/2021, polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación.

CONSIDERANDO: Que co número 2021/000/00001944 (RE) de 21/09/2021, Gabriel Fábregas Santos, presenta a documentación complementaria solicitada.

CONSIDERANDO: Que o pasado 27/12/2021, o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, emite informe en sentido favorable e do que se desprende que a comunicación previa cumpre co contido establecido no artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos e se declara completa a documentación presentada para a realización da apertura da actividade solicitada na comunicación previa.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE presentada por GABRIEL FÁBREGAS SANTOS para o realizar a actividade de "CARPINTERÍA METÁLICA"

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

C) EXPEDIENTE: 2021/U019/000001

Visto o escrito presentado co número 2021/000/00002471 (RE) de 31/12/2020, por GRUPO CABO SPORT, S.L., con CIF: B-70.606.900, e domicilio social na rúa Federico Avila, 7 de Fisterra, de COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE de HOSPEDAXE EN HOTEIS E PENSIÓNS, que se localiza na edificación da rúa Federico Avila, 7 de Fisterra (referencia catastral número 8607444MH7580N0001TT).



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

CONSIDERANDO: Que o pasado 22/12/2021, o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, emite informe en sentido favorable e do que se desprende que a comunicación previa cumpre co contido establecido no artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos e se declara completa a documentación presentada para a realización da apertura da actividade solicitada na comunicación previa.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE presentada por GRUPO CABO SPORT, S.L., con CIF: B-70.606.90, para o realizar a actividade de "HOSPEDAXE EN HOTEIS E PENSIÓNS" que se localiza na edificación da rúa Federico Avila, 7 de Fisterra.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

D) EXPEDIENTE: 2021/U019/000019

Visto o escrito presentado co número 2021/999/00000464 (RE) de 23/07/2021, por Brais Pichel Díaz, de COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE de RESTAURANTE 1 GARFO, que se localiza no baixo da edificación do Paseo da Ribeira, 65 de Fisterra (referencia catastral número 8704301MH7580S0001ZD).

CONSIDERANDO: Que o pasado 22/12/2021, o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, emite informe en sentido favorable e do que se desprende que a comunicación previa cumpre co contido establecido no artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos e se declara completa a documentación presentada para a realización da apertura da actividade solicitada na comunicación previa.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE presentada por Brais Pichel Díaz para o realizar a actividade de "RESTAURANTE 1 GARFO" que se localiza no baixo da edificación do Paseo da Ribeira, 65 de Fisterra.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

E) EXPEDIENTE: 2020/U019/000021

Visto o escrito presentado co número 2021/999/00000485 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos de 11/08/2021, por José Germán López Rivas, de COMUNICACIÓN



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE de PANADERÍA, que se localiza na edificación da rúa Real, 8 de Fisterra(referencia catastral número 8607406MH7580N0001QT).

CONSIDERANDO: Que o pasado 8/09/2021, o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, emite informe de subsanación do que se desprende que se declara incompleta a documentación presentada para a realización da apertura da actividade solicita na comunicación e indica a documentación que deberá presentar o interesado para continuar coa tramitación do expediente.

CONSIDERANDO: Que co número 2021/999/00000335 do Rexistro Telemático de Saída de Documentos de 14/09/2021, comunícaselle a José Germán López Rivas o contido do informe emitido o pasado 8/09/2021, polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación.

CONSIDERANDO: Que co número 2021/999/00000575 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos de 22/09/2021, Xoán Bautista Alborés Tajés, presenta a documentación complementaria requirida a José Germán López Rivas (declaración expresa de que a actividade pretendida producirá un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB) para unir ao expediente.

CONSIDERANDO: Que o pasado 22/12/2021, o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, emite informe en sentido favorable e do que se desprende que a comunicación previa cumpre co contido establecido no artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos e se declara completa a documentación presentada para a realización da apertura da actividade solicitada na comunicación previa.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE presentada por JOSE GERMAN LOPEZ RIVAS, para o realizar a actividade de "PANADERIA" que se localiza na edificación da rúa Real, 8 de Fisterra.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

3.2) SOLICITUDES DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

A) Visto o escrito presentado co número 2021/000/00002591 (RE) de 10/12/2021, por I. V. L. no que solicita unha axuda de económica para sufragar os gastos ocasionados coa compra de gafas, por ser persoa carente de recursos económicos.

Visto o informe de data 14/12/2021, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda económica única para este concepto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Autorizar e dispoñer o gasto por importe de cento vinte e nove euros (129,00 €) a favor de I.V.L.,



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

en concepto de axuda de emerxencia social para a compra de gafas, por non dispoñer de medios económicos.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) Visto o informe de data 17/12/2021, emitido polo departamento de Servizos Sociais, co seguinte contido:

“N. B. M, foi derivado polo servizo de Traballo Social do Hospital Virxe da Xunqueira de Cee.

Fracturou en varias ocasións a cadeira, vive só, e neste momento é dependente para todos os actos básicos da vida diaria.

Ten aprobado o Servizo de Axuda no Fogar e en trámites unha praza residencial por emerxencia social.

Unha vez examinado o expediente, considérase procedente a concesión dunha axuda económica por valor de 152,21 € empregada na adquisición de alimentación e produtos de limpeza para que as auxiliares de Axuda no Fogar poidan cubrir as súas necesidades básicas

Así mesmo, considerase procedente a adquisición dunha cadeira para ducha polo importe de 140 €, xa que non se mantén de pé para o aseo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Autorizar e dispoñer o gasto por importe de cento cincuenta e dous euros e vinte e un céntimos (152,21 €) a favor de Agustín Olveira Benlloch, (SUPERMERCADO COVIRÁN, en concepto de axuda de emerxencia social para a compra de produtos de alimentación e limpeza a favor de N.B.M, por non dispoñer de medios económicos.

2º) Autorizar e dispoñer o gasto por importe de cento corenta euros (140,00 €) a favor de Jesús María González Pérez, (FARMACIA JESUS), en concepto de axuda de emerxencia social para a compra dunha cadeira de ducha a favor de N.B.M, por non dispoñer de medios económicos.

3º) Unir certificado deste acordo para constancia no expediente.

E non tendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión as 21:00 horas do día en curso, do que como secretario - accidental, dou fe.